



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2014/2015

Calendario electoral

1. Publicación dos censos electorais: 10 de novembro de 2014.
2. Inicio do prazo de presentación de candidaturas: 11 de novembro de 2014.
3. Fin do prazo para a presentación de candidaturas: 18 de novembro de 2014.
4. Proclamación de candidaturas: 19 de novembro de 2014.
5. Reclamación: 20 e 21 de novembro de 2014.
6. Proclamación definitiva de candidaturas: 24 de novembro de 2014.
7. Constitución das mesas electorais: 25 de novembro de 2014.
8. Eleccións: 27 de novembro de 2014.
9. Proclamación dos candidatos elixidos: 28 de novembro de 2014.

Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, pero cada membro só poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.

Contra o acordo de proclamación (punto 4) poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes (punto 5). A xunta resolverá no seguinte día hábil (punto 6) e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o Delegado Provincial.

1. Elección dos representantes de alumnos e alumnas:

Todos os alumnos e alumnas do centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello escolar.

1.2. Aténdose ao calendario electoral, poderán presentar a candidatura na secretaría do centro do 11 ao 18 de novembro de 2014, ambos os dous incluídos.

1.3. A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral encargada de presidir a votación (integrada polo director e dous alumnos/alumnas, estes últimos designados por sorteo).

1.4. Tendo en conta que permanecen no Consello dous dos membros elixidos na anterior convocatoria e que lle corresponde a este sector catro membros, poderase elixir dous novos membros (Artigo 40º do Decreto 324/1996).

1.5. A votación terá lugar o día 27 de novembro nas dependencias do centro co seguinte horario: mañá, no 1º e 2º recreo; tarde, de 20,00 a 21,00 horas.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa mediante o DNI ou outro documento, fará constar na súa papeleta un só nome da lista de candidatos e candidatas.